

## A illa de Alborán.

Existe un illote no Mediterráneo, a metade de camiño entre o cabo de Gata, en Europa, e o cabo da Tres Forcas, en África : é a illa de Alborán. Arredor del aínda se practica a pesca de gambas e outros crustáceos. É unha pesca artesanal, en procedementos e en medios; poucos barcos, poucos homes e poucas capturas.

De certo, a actividade humana tanto no mar como en terra é escasa. As gaivotas semellan ser os seres vivos máis abundantes en Alborán. Comparten o territorio cun destacamento militar, un camposanto, que só ten tres tumbas, e un faro.

Se ben adoitan ser de pouca intensidade, moitos terremotos teñen o seu epicentro no entorno desta illa, que é de orixe volcánica.

A riqueza de Alborán fixo que en 1997 se lle aplicara á illa e ao seu entorno a figura de reserva mariña e de pesca. Ademáis, en 2003 estableceuse a Paraxe Natural de Alborán, que abarca a propia illa, o illote da Nube, e as augas e os fondos mariños que os rodean, que albergan ecosistemas de grande diversidade.

En poucos metros conéctanse varios eslabóns da cadea trófica. As algas son comidas polos ourizos, que, á súa vez, son vítimas dos polbos.

Estes, coa súa capacidade de camuflaxe, ou fabricando parapetos de cunchas, tentarán despistar ás moreas, os seus maiores depredadores.

Sen embargo, os nudibranquios semellan non ter perseguidores entre os invertebrados máis grandes.

As algas son a base da pirámide trófica, tanto as microscópicas como as de grande tamaño. Nin ourizos nin peixes poderían vivir sen elas. Nin as voraces estrelas de mar, xa que as súas presas aliméntanse de fitoplancton. Os centolos compiten cos ourizos polas suculentas algas, e, ao mesmo tempo, o seu caparazón de quitina serve de substrato para abondosos epífitos. Pola súa parte, as moreas son reacias a abandonar a súa cova.

A grande profundidade, as algas fotófilas desaparecen e os fondos rocosos están alfombrados de organismos filtradores sésiles, como as violáceas esponxas cálcareas incrustantes... o vermello coral man de morto... E os pardos briozoos.

Pero non deixa de haber depredadores especializados, como algúns peixes E algunhas especies de ourizo adaptadas á vida nas profundidades.

A partir dos 60 metros de profundidade atopamos bosques de laminarias; algas que forman comunidades densas e que están dotadas de diversos mecanismos que reflicten a adaptación á profundidade.

Os fortes pero flexibles soportes, enraizados no, permiten que as frondes soporten as correntes, que nin as arrincan nin as quebran.

Parecería que a auga arrola as laminarias nas profundidades do mar de Alborán.